

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES Neira Vilas

CURSO: 3ºda ESO

MATERIA: Cultura Clásica

DEPARTAMENTO: Grego

DATA: 6 de maio de 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Localizar nun mapa feitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.
B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico no que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.

<p>B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</p>	<p>CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</p> <p>CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</p> <p>CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</p>
<p>B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</p>	<p>CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</p>
<p>B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.</p>	<p>CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferenzan.</p>

	<p>CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</p> <p>CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</p>
<p>B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.</p>	<p>CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pónndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</p>
<p>B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.</p>	<p>CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</p>

<p>B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico.</p>	<p>CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.</p>
<p>B5.2. Coñecer as características e evolución sociais en Grecia e Roma.</p>	<p>CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.</p> <p>CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedade grega e romana.</p>
<p>B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.</p>	<p>CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos segundo a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.</p>
<p>B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.</p>	<p>CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.</p>

<p>B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.</p>	<p>CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.</p>
<p>B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.</p>	<p>CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.</p> <p>CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.</p>
<p>B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.</p>	<p>CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.</p>
<p>B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.</p>	<p>CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</p> <p>CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.</p>
<p>B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.</p>	

	<p>CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.</p> <p>CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.</p>
B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	<p>CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.</p> <p>CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.</p>
B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.	CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.
B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas derivadas delas.	CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

- Adaptaranse ás circunstancias do alumnado.
- Os procedementos avaliativos terán carácter continuo, formativo e integrador, a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas neste período. Para levar a cabo isto, as actividades serán propostas semanalmente segundo o horario lectivo e deberán ser entregadas nun prazo establecido tomando como referencia o horario lectivo (salvo circunstancias xustificables).
- O alumnado con ambas avaliacións aprobadas, traballarán os contidos relacionados cos anteriores estándares de aprendizaxe citados, co fin de seguir afianzándoos e desenvolvendo aqueles que puideran ser de interese para a súa formación.
- O alumnado coa avaliación suspensa deberá repasar os contidos correspondentes á dita avaliación. Para isto, propoñeranse tarefas acordes a tales fins. É obrigatoria a entrega das tarefas propostas para superar a materia.
- Realizaranse cuestionarios con datas e horas concretas segundo o horario lectivo para valorar o grao de adquisición dos contidos traballados.

Instrumentos:

- Revisión e valoración das aprendizaxes adquiridas a través da resolución correcta de tarefas e de cuestionarios referidos aos contidos mínimos.
- As tarefas serán corrixis por correo electrónico.

Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Este procedemento concrétase en función das cualificacións das avaliacións anteriores e das tarefas propostas no período da “corentena” ou “teletraballo”. • O alumnado cuxa nota da segunda avaliación sexa un 5 ou superior, poderán ascender ata dous puntos a súa cualificación por medio das actividades e cuestionarios propostos na aula virtual. Dividirase os dous puntos entre o número total das tarefas propostas. • O alumnado que non superou a segunda avaliación poderá acadar o 5 si demostra que acadou os contidos mínimos por medio das tarefas e cuestionarios establecidos no 3º trimestre postos na aula virtual. Ademais poderá ter ata dous puntos no caso de realizar todas as actividades tanto as de repaso e reforzo como as de ampliación do 3º trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> • Realizarase unha proba das aprendizaxes imprescindibles citadas na adaptación e traballadas ao longo do curso. Non serán avaliadas aquelas de ampliación. • Esta proba poderá ser presencial (no caso de que as circunstancias así o permitan), ou ben, telemática (de non ser posible de forma presencial) • Esta proba constará de preguntas curtas seguindo o mesmo modelo da primeira e na segunda avaliación dos conceptos claves.

Alumnado de materia pendente	<ul style="list-style-type: none">• Non hai alumnado de materia pendente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de resolución escrita. • Cuestionarios.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> • As actividades serán propostas, semanalmente, segundo o horario lectivo, é dicir, cada día de clase exporanse tarefas que poden ser de recuperación, repaso, reforzo ou ampliación. • As tarefas que hai que facer estarán expostas no horario de “exames” da páxina web do instituto e na aula virtual. • Todo o material necesario estará colgado na aula virtual do instituto dentro da materia de Cultura Clásica. • En calquera momento, o alumnado poderá facer emprego do correo electrónico para consultar dúbidas que puideran xurdir. Ademais poderán entregar as tarefas a través deste medio se o consideran máis oportuno.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto asignado: <i>Cultura Clásica 3 ESO</i> da editorial Edebé (Facilitarase capturas de páxina aqueles alumnos que no dispoñan de libro). • Rede: aula virtual e páxinas webs.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">● Familias: a través do correo electrónico, chamadas telefónicas e a través da aplicación SIXA.● Alumnado: a través do correo electrónico e da aula virtual.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none">● Aula virtual e páxina web do centro